

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES CANIDO



Curso 2024-2025

INTRODUCCIÓN

A lexislación educativa máis recente outórgalle á función orientadora un papel relevante considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven:

- A orientación educativa e profesional do alumnado debe ser un dos principios que inspira a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (Artigo 1.f da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación).
- Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Neste ámbito incorporárase a perspectiva de xénero. Asemade se terán en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade (Lei Orgánica 3/2020, 29 de decembro)
- A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria (LOE, artigo 2.2).
- A orientación educativa, académica e profesional do alumnado como función do profesorado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados (LOE, artigo 91.d).

Así, algúns dos documentos lexislativos nos que se basea o presente plan de orientación son os seguintes:

- LOE, Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Lei Orgánica 3/2020, 29 de decembro.
- Decreto 7/1999 de 26 de Xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Centros Públicos Integrados na Comunidade

autónoma Galega e na Orde que desenvolve o mencionado decreto.

- Decreto 120/1998 polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade autónoma de Galicia, así como a Orde 24 de Xullo de 1998 pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma galega.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de 7 de decembro.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galiza.
- Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/2024.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galiza.

A planificación para o curso 2024/25 toma como referencia os tres grandes ámbitos que abrangue o campo da Orientación: o Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, a Orientación académico-profesional e a Acción tutorial. Dentro deles trataremos de dar resposta as liñas prioritarias de actuación que establece a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

No eido da Atención á Diversidade procuraremos poñer en marcha actuacións que favorezan o desenvolvemento de actitudes positivas cara a diversidade apreciadas nos compañeiros/as e no profesorado. O campo de atención á diversidade segue sendo unha das ocupacións máis importantes e facer o seguimento e avaliación do seu funcionamento é un aspecto fundamental. Tamén trataremos de divulgar entre o profesorado novas fórmulas de atender eficazmente á diversidade do noso alumnado. É destacable a necesidade de planificar a resposta educativa.

A Orientación Profesional concretarase nunha serie de actividades dirixidas a toda a comunidade educativa, especialmente aos alumnos e alumnas que rematan a etapa educativa ou que pola súa situación persoal, expectativas, motivacións e intereses necesitan asesoramento para atopar outras vías educativas. A realización de actividades desenvolverase ao longo de todo o curso e ofrecerase información sobre as vías de cualificación profesional, fomentarse a valoración da experiencia laboral e propiciarase a colaboración dos servizos de orientación do ámbito educativo e laboral.

Respecto á motivación pola aprendizaxe así como á convivencia no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos e participativos incluíranse como aspectos a traballar dende a Acción Tutorial. O seguimento, avaliación e revisión do PAT propiciarase a través dunha comunicación fluída e constante entre titores/as-orientador-xefatura de estudos e dos instrumentos e materiais deseñados para tal fin.

Fomentarse a utilización das novas tecnoloxías no campo da orientación e asesoramento. Neste sentido seguirase a ampliación e actualización de contidos do departamento na páxina *web* do instituto.

O departamento de Orientación participará en actividades de formación xunto ao resto do profesorado do centro, co fin de saber desenvolver a súa labor telematicamente no caso de ser necesario.

A elaboración do presente Plan de Orientación, como documento institucional lévase a cabo dende o Departamento de Orientación, que é o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro e profesorado e as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

O PO do IES Canido que se desenvolve nos seguintes apartados, estrutúrase en varios bloques:

- Xustificación baseada no contexto.
- Funcións do Departamento de Orientación.
- Planificación xeral e definición de accións prioritarias. Obxectivos.
- Estratexias de intervención.
- Criterios de avaliación do plan.

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Plan de Orientación está deseñado para o seu desenvolvemento no **IES Canido** da localidade de Ferrol.

Centrándonos nas características do noso centro, cabe sinalar que o IES Canido ten no actual curso académico unha matrícula 356 estudantes, atendidos por un cadro de persoal de 32 profesores/as. A oferta educativa exponse a continuación:

OFERTA EDUCATIVA

- ✓ **Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO)**, impartíndose os catro cursos da ESO, con dúas liñas en 1º, 2º, 3º e 4º ESO. Existen desdobres nalgunhas materias nos cursos 1º e 2º de ESO, creándose tres grupos en case todas as materias.
- ✓ **Bacharelato**, tanto o de Ciencias coma o de Humanidades e Ciencias Sociais. Conta con dúas liñas en 1º BAC e 2º BAC.

O horario lectivo para os grupos da ESO e do Bacharelato é Luns, Mércores e Venres de 8:30 a 14:10 h., e Martes e Xoves de 8:30 a 15 h.

Todas as mañás hai dous recreos de 20 minutos de duración cada un, de 11:00 a 11:20 h. e de 13 a 13:20 horas.

Por último, cómpre sinalar que o noso instituto recibe alumnado de oito centros de Educación Primaria da localidade: CEIP A Laxe, IES Ferrol Vello, Colexio, Cristo Rey, CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, CEIP Cruceiro de Canido, CEIP Atios (Valdoviño), e CPR Plurilingüe San Rosendo. De forma puntual, no presente curso tamén foi recibido alumnado do Centro Concertado Belén (Ferrol). Os centros adscritos ao IES Canido son: CEIP A Laxe, CEIP Valle- Inclán, IES Ferrol Vello, Colexio Cristo Rey.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No tocante ao propio **Departamento de Orientación** do Instituto, hai que indicar que está composto segundo o disposto no Decreto 120/98 por:

- ✓ **Clara Goás Vargas**, como profesora especialista en Orientación, que exerce a Xefatura do Departamento.
- ✓ **María José Ramil Ferreiro**, como profesora coa especialidade de Pedagogía Terapéutica.

- ✓ **Victoria Mosquera López**, titor/a do ámbito lingüístico-social.
- ✓ Titor/a do ámbito científico-tecnolóxico, aínda sen determinar.

O Departamento de Orientación reunirase con carácter xeral unha vez ao mes (de acordo co establecido na *Orde do 4 de xuño de 2012*). Nesta reunión procurarase dar prioridade aos temas relacionados coa acción titorial, convivencia escolar e atención á diversidade. Así mesmo, a Xefa do Departamento de Orientación reunirase coa Xefa de Estudos, co profesorado de apoio e cos titores/as dos distintos cursos da ESO para colaborar e asesorar nas medidas e actuacións a implementar. A maiores, a profesora de Pedagogía Terapéutica e a Orientadora reuniranse semanalmente para facer un seguimento.

A coordinación das titorías co Departamento de Orientación farase por niveis, tendo contacto e intercambio de información con todos os titores e titoras de cada nivel da ESO para organizar as actividades e ir resolvendo as problemáticas que se vaian detectando. Ademais existirán reunións individuais cos titores/as sempre que se considere necesario.

A coordinación co Equipo Directivo realízase dun xeito fluído tratando diversos aspectos relacionados tanto con este plan de actuación como con outros temas do funcionamento xeral do centro.

Unha vez ao trimestre celebrarase unha reunión coa Xefa do Departamento de Orientación do CEIP A Laxe, o centro adscrito ao IES Canido, co fin de coordinar actuacións co alumnado que se traslada de centro e cambia de etapa educativa, incidindo especialmente na coordinación de medidas co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Todas estas reunións realízanse en horas de dispoñibilidade libre, polo que, coa diversidade de horarios de clase do profesorado faise ás veces difícil a coordinación e asistencia simultánea.

HORARIOS DOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO

Horario orientadora

IES CANIDO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30-9:20	DO	GARDA			
9:20-10:10	DO	DO			
10:10-11:00	DO	DO			
11:00- 11:20 Recreo	---	---	Alumnado	Alumnado	Alumnado
11:20-12:10	XD	DO	DO	DO	At. familias
12:10-13:00	DO		DO	DO	DO
13:00-13:20 Recreo	---		Alumnado	Alumnado	Alumnado
13:20-14:10	GARDA		DO	DO	DO
14:10-15:00				DO	

Horario mestra de PT:

IES CANIDO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.30 - 9.20	2 ^B : MAT-PT	1 ^A : MAT-AO	1 ^A B: LC//4 ^B : FOP-PT	1 ^A : MAT-AO	
9.20 - 10.10		1 ^A B: MAT//4 ^B : LG-PT		1 ^A : LC-AO	
10.10 - 11	2 ^B : LG-PT	1 ^A B: LG//4 ^B : E CO-PT		1 ^B : MAT//4 ^B : MAT-PT	
11 - 11.20	-----	-----	-----	-----	-----
11.20 - 12.10		2 ^A : LG-AO	1 ^A : LG-AO		ATENCIÓN FAMILIAS/DO
12.10 - 13.00	3 ^B : LC-PT//4 ^B : E CO	1 ^A : LG-AO	2 ^A B: LG-PT/AO	1 ^B : LG//4 ^B : LC-PT	2 ^A : LC-AO
13.00 - 13.20	-----	-----	-----	-----	-----
13.20 - 14.10		1 ^B : LF/RE//4 ^B : MAT-PT	2 ^A : MAT-AO	2 ^B : MAT//4 ^B : LI	2 ^B : LC//4 ^B : DIXI-PT
14.10 - 15.00		GARDA		GARDA	

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS. CURSO 23/24

- Segundo as necesidades de apoio educativo do alumnado do noso centro no curso actual, temos en marcha os seguintes protocolos:

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
 - Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
 - Tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista (TEA).
 - Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
 - Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
 - Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
 - Protocolo para a prevención de risco suicida.
- Outra caústica:
- Alumnado con desfase curricular.
 - Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español e descoñecemento das linguas propias.
 - Alumnado en desvantaxe socioeducativa.
 - Alumnado con discapacidade.

FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1ª Potenciar o Plan de Acción Titorial:

- Ofrecer asesoramento e apoio técnico aos titores na posta en práctica das actividades.
- Ofrecer materiais didácticos para o desenvolvemento da Acción Titorial.
- Diseñar programas específicos segundo as necesidades do grupo.
- Complementar a acción do titor/a na acción directa cos alumnos/as ou pais/nais cando así o requira o titor/a, coa presenza da orientadora do centro.

2ª Programar e dinamizar a Orientación Académica e Profesional do centro:

- Dinamizando e incluíndo estas actividades na acción titorial.
- Realizando outras actividades puntuais e directas por parte do Departamento de Orientación.

- Demandar e coordinar a colaboración con outras institucións que realizan orientación laboral.

3ª Programar e dinamizar as medidas específicas de Atención á Diversidade:

a) Medidas curriculares:

- Adaptacións metodolóxicas / Medidas de reforzo educativo.
- Adaptacións curriculares.
- Organización da opcionalidade.

b) Medidas organizativas:

- Desdobramentos.
- Agrupamentos.
- Flexibilización.
- Apoios e reforzos educativos dentro e fóra da aula ordinaria.
- Apoios de profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica.

4ª Ofrecer apoio e asesoramento no proceso de ensino-aprendizaxe e ao conxunto do centro:

- Participación e asesoramento á Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustros, Equipo Directivo..., na revisión do Proxecto Educativo, organización da optatividade, criterios de promoción, innovación educativa,
- Colaboración e asesoramento aos distintos Departamentos Didácticos na elaboración de programas de reforzo educativo, de avaliación inicial, de adaptacións curriculares, transversalidade, etc.
- Asesoramento e colaboración con todo o profesorado do centro no seu proceso de ensino ante algunha problemática concreta .
- Asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención a diversidade así como adaptar a súa propia función de orientación a situación do momento.

5ª Diseñar e levar a cabo o apoio docente directo aos alumnos/as con necesidades educativas específicas por parte dos profesores de PT:

- Apoio docente directo prioritariamente dentro, pero en ocasión tamén fóra da aula ordinaria.
- Coordinación entre a especialista PT e os titores/as ou profesores da materia dos alumnos/as con estas necesidades.

6ª Realizar o seguimento do alumnado dos centros de educación primaria de escolarización preferente no noso instituto e intercambiar información cos departamentos de orientación dos colexios.

7ª Manter contacto constante e coordinar as actuacións coas distintas entidades e organismos externos ao noso centro educativo: Concello, ONGs, Asociacións...

8ª Reforzar as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas, medidas, programas e accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.

PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS. OBXECTIVOS.

4.1 - ACCIÓNS PRIORITARIAS

As accións a desenvolver supoñen a concreción para o curso 2024/2025 das liñas de acción prioritarias recollidas no Plan de Acción Titorial (PAT) e no Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).

Deste xeito, as accións que a continuación se sinalan serán as que marquen e guíen o funcionamento do Departamento de Orientación para este curso:

- ✓ Diseñar, cando sexa preciso, en colaboración co equipo de orientación específico, accións de atención temperá que proporcionen respostas educativas apropiadas e adaptadas de carácter preventivo e compensador ás necesidades educativas específicas: alumnado con altas capacidades, alumnado procedente do estranxeiro e/ou con necesidades educativas especiais.

- ✓ Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización no centro, e realizar as avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.
- ✓ Diseñar, dentro do Plan de Acción Titorial, programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática, favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas (actuación en torno a habilidades sociais, desenvolvemento socioemocional, etc.).
- ✓ Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das competencias.
- ✓ Colaborar cos departamentos didácticos e cos equipos docentes para que se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie a aprendizaxe das áreas ou materias que por ter carácter instrumental van facilitar a adquisición doutros contidos curriculares.
- ✓ Diseñar e levar a cabo accións específicas que faciliten a transición dentro dos distintos niveis do sistema educativo e entre o sistema educativo e o mundo laboral, así como a toma de decisión, con especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Ofrecer información ao alumnado do centro sobre itinerarios formativo-profesionais, a través da organización de xornadas nas que participen os membros da comunidade educativa do centro ou, de ser posible, outros centros educativos da zona, para dar a coñecer a oferta educativa e as perspectivas de inserción laboral a un maior número de persoas.
- ✓ Dinamizar accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa, e, especialmente ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e as súas familias.
- ✓ Contribuír á mellora da convivencia escolar a través da dinamización da xunta de delegados, posta en marcha da aula de convivencia, titorías

personalizadas...

- ✓ Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
- ✓ Dinamizar as canles de comunicación entre as familias e o centro escolar para favorecer o desenvolvemento integral do alumno.

4.2 - PLANIFICACIÓN XERAL

Tal e como se sinalou anteriormente, o DO centra a súa intervención en tres ámbitos de actuación complementarios entre si: Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe, a Acción Titorial e a Orientación Académica e Profesional.

4.2.1 - APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

No modelo educativo actual o currículo defínese como aberto e flexible, coa posibilidade de concretalo na aula segundo as necesidades do grupo de alumnos. Isto significa que pese a que os obxectivos son os mesmos para todos, resulta suficientemente aberto como para que cada centro os adapte ás características específicas do seu alumnado, respectando a pluralidade cultural e dando respostas educativas que teñan en conta a diversidade de capacidades, intereses e motivacións existentes no centro.

Na mesma liña, a consideración dos problemas de desenvolvemento e aprendizaxe dende un punto de vista funcional (concepción interactiva do desenvolvemento), implica pensar que as capacidades do alumnado vanse desenvolvendo en función, entre outras cousas, da intervención educativa, e non nun modelo determinista que considere ditas capacidades como estáticas, innatas e non modificables pola educación. Deste xeito, a diversidade humana é unha realidade evidente que debería ser asumida por todos os integrantes da comunidade escolar coma unha posibilidade enriquecedora da tarefa educativa. En consecuencia, a necesidade de ofrecer unha resposta educativa adaptada a

cada alumno/a escolarizado no centro xustifica a necesidade das medidas de apoio recollidas neste plan.

Por outra banda, un dos obxectivos prioritarios de gran parte das políticas educativas actuais é reducir o fracaso escolar, así como dotar aos estudantes das habilidades e competencias necesarias para a mellora da aprendizaxe. Esta idea tradúcese nunha participación activa e autónoma do alumnado no propio proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste sentido, a perspectiva construtivista que guía o actual proceso educativo persigue que o propio alumno, en busca da súa autonomía, sexa consciente dos mecanismos cognitivos implicados na aprendizaxe, de xeito que tome control deles (o denominado *aprender a aprender*), e sexa capaz de ser consciente do que sabe, do que é necesario aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais. O punto final, polo tanto, será a adquisición das competencias que lle permitan afrontar con éxito o proceso de desenvolvemento social, persoal e laboral. Con este obxectivo, a identificación temperá de dificultades resulta fundamental de cara a intervir na súa solución a través da dotación dos mecanismos/estratexias necesarias para mellorar o rendemento académico e da adaptación da aprendizaxe ás características dos alumnos, en definitiva, a través da posta en marcha das medidas de prevención/actuación máis adecuadas aos alumnos do centro.

A necesidade de atención a este proceso faise explícita tanto no *Decreto 120/1998* como na *Orde do 24 de Xullo de 1998* nos que se establece como función do Departamento de Orientación o deseño de actuacións encamiñadas á prevención de dificultades, problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades.

En definitiva, desde o Departamento de Orientación do IES Canido búscase **proporcionar axuda psicopedagóxica ás diferentes necesidades do**

alumnado, mediante a intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan naqueles aspectos que manifestan a diversidade do alumnado e que están estreitamente relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe, tales como a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos alumnos.

Nas medidas de atención a diversidade que se adopten, tanto de carácter ordinario como extraordinario, priorizaranse, se procede, as intervencións aos grupos contemplados na *Circular 10/2010* e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as propostas de mellora recollidas na memoria de cursos anteriores.

Obxectivos:

1. Prestar atención docente directa ao alumnado con NEAE, a través do profesorado especialista de pedagogía terapéutica e en colaboración cos titores. En xeral realizarase esta atención educativa dentro da aula. Naqueles casos que se considere necesario, realizarase o apoio fóra da aula, co fin de realizar actividades específicas que requiran unhas condicións especiais tanto para o desenvolvemento do alumnado, como para favorecer a súa posterior integración no grupo clase.
2. Colaborar na selección do material curricular do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
3. Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe, así como na planificación e realización de tarefas ou actividades dirixidas á súa solución.
4. Buscar a cooperación entre todos os responsables do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado para optimizar os resultados do mesmo e conseguir o seu desenvolvemento integral.
5. Colaborar, cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.

6. Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.
7. Colaborar co equipo directivo na posta en marcha, de ser preciso, dos diversos protocolos de actuación (absentismo, acoso escolar, TDAH...).
8. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada na procura dunha educación de calidade.
9. Prever as dificultades na aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, mellorando o rendemento do alumnado nas competencias clave (comprensión lectora e matemática) coa finalidade de acadar unha aprendizaxe funcional e significativa
10. Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade.
11. Colaborar na elaboración, seguimento, actualización e avaliación dos diferentes documentos: Proxecto Educativo, Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial, no Plan de Atención á Diversidade.
12. Colaborar nas actuacións encamiñadas a promover un clima escolar positivo e a resolución pacífica de conflitos.
13. Participar na análise e valoración dos criterios de avaliación, promoción e titulación nas diferentes etapas educativas ofertadas polo Centro, tendo en conta a lexislación pertinente e as modificacións que poidan xurdir ao longo do curso.
14. Adaptar os itinerarios e a optatividade á lexislación vixente que rexerá o actual e o vindeiro curso académico.
15. Coordinarse co equipo directivo naqueles temas que se considere máis urxente abordar dende o Departamento de Orientación.
16. Promover a cooperación entre o Centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na práctica educativa.

17. Elaborar, revisar e actualizar a documentación e o material de traballo existentes no departamento de Orientación.
18. Estreitar a colaboración cos centros de Primaria adscritos, de tal xeito que se facilite o fluxo de información, favorecendo a acollida do novo alumnado no centro e a adopción, nos casos nos que sexa pertinente, das medidas de atención á diversidade necesarios o máis temperá posible.
19. Colaboración e intercambio de información cos Servizos Sociais do Concello e outros servizos da Mancomunidade (Quérote+, Policía Nacional, ASPANEPS, ASPANAES, ONCE...)
20. Contacto con outros departamentos de orientación.
21. Colaboración co Equipo de Orientación Específico.
22. Colaboración coa UACO.

Para acadar estes obxectivos deseñáronse as seguintes **actuacións**:

- Colaboración na planificación das actividades de apoio, establecendo criterios organizativos sobre horarios, agrupamentos que favorezan a aplicación das medidas de reforzo e atención a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Colaboración e asesoramento na realización das adaptacións curriculares.
- Colaboración cos departamentos didácticos na planificación e seguimento das medidas de reforzo e adaptacións do currículo, tanto ordinarias como extraordinarias para os alumnos que o precisen.
- Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente (con voz pero sen voto, tal e como se sinala no *Decreto 120/1998*).
- Asesoramento e colaboración no desenvolvemento de aspectos da programación como criterios e procedementos da avaliación, promoción...
- Establecer directrices comúns para a elaboración das programacións didácticas nas que se preste atención á transversalidade, á atención á

diversidade, á orientación, á titoría...

- Coordinación da avaliación psicopedagóxica dos alumnos que presenten importantes problemas de aprendizaxe e que precisen medidas educativas específicas.
- Realización de entrevistas e encontros cos profesores, alumnos e pais co fin de recoller e achegar a información e a cooperación precisa para dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Proporcionar asesoramento e apoio aos alumnos e familias ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social..., que puideran interferir no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa na atención á diversidade.

O **Seguimento** e **Avaliación** realizarase fundamentalmente a través das diferentes reunións cos diferentes membros da comunidade educativa e das sesións de avaliación. Cos profesores de PT, manterase unha comunicación constante na que analizaremos, de maneira continua e sistemática, a efectividade das medidas de atención á diversidade propostas para cada grupo de alumnos.

4.2.2 - PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A titoría, como actividade inherente á función docente, realízase ao longo de todo o proceso educativo, de xeito individual ou colectivo, coa finalidade de que o/a alumno/a mellore o seu rendemento académico, solucione as súas dificultades escolares e consiga hábitos de traballo e de estudo, de reflexión e de convivencia social que garantan o uso adecuado da liberdade responsable e participativa. Neste sentido, o Plan de Acción Titorial (PAT) é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das titorías no centro.

É responsabilidade do Departamento de Orientación elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, a proposta do plan de acción tutorial, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans. Este Plan de Acción Tutorial, incluírase na Programación Xeral Anual e ademais dos obxectivos, recollerá unha proposta de actividades, temporalización, recursos, criterios de intervención, seguimento e avaliación.

Para o seu desenvolvemento, a lexislación vixente contempla unha hora lectiva semanal dedicada á titoría na ESO. Ademais, os titores intervirán individualmente con aqueles alumnos e alumnas que o precisen e desenvolverán actuacións en relación coas familias (asesorados en todo momento polo propio Departamento de Orientación).

Respecto da programación da acción tutorial, o Plan de Acción Tutorial será o punto de referencia da programación das actividades que se desenvolverán no presente curso e abranguerá a todo o Centro.

O **obxectivo** fundamental é proporcionar un programa de traballo flexible que, ao mesmo tempo, permita aportar aos titores o material que necesitan para levar a cabo a súa labor e tamén para poder facer un seguimento desa acción tutorial.

Entre os obxectivos destacan:

1. Coordinar o traballo de titorías e asesorar ao profesorado no desempeño da función tutorial.
2. Realizar a implementación, seguimento e avaliación do PAT a través das actividades que se leven a cabo nas titorías: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos, a igualdade real entre homes e mulleres, etc.
3. Colaborar cos titores e os equipos docentes no deseño e posta en práctica de actividades dinamizadoras da convivencia.

4. Asesorar ao profesorado que o demande naqueles aspectos relacionados co ámbito da orientación.
5. Fomentar actuacións que teñan como obxecto a atención á diversidade presente nas aulas.
6. Cooperar na relación titores/pais na solución de problemas que afecten aos seus fillos.
7. Facilitar información ás familias e implicalas no proceso educativo dos seus fillos.

Esta programación está organizada por niveis, e as actividades estarán temporalizadas por trimestres. Hai que resaltar o carácter flexible desta proposta de traballo.

Os contidos a contemplar serán os especificados a continuación:

I. Acollida, integración e convivencia. Neste bloque traballaríanse actividades vinculadas con estes contidos:

- (a) Coñecemento do centro, instalacións, Normas de Organización e Funcionamento (NOF)...
- (b) Coñecemento do grupo.
- (c) Datos persoais dos alumnos.
- (d) Presentación da titoría (para informarlles da programación e darlles a oportunidade de dar a súa opinión e facer propostas).
- (e) Dereitos e deberes dos alumnos.
- (f) Normas de convivencia na aula.
- (g) Elección de delegados.
- (h) Reunións cos pais do grupo.
- (i) Recollida de información sobre recursos TIC do alumando
- (j) Actividades sobre benestar emocional

II. A avaliación. Con este bloque traballarase: actividades vinculadas con estes contidos:

- (a) A planificación do estudio.
- (b) A elaboración de calendario de exames.

- (c) As suxestións do alumnado.
- (d) As propostas de mellora (preavaliación).
- (e) A preparación dos exames.

III. Técnicas de traballo individual. Os contidos farían referencia a:

- (a) Factores que condicionan o estudo.
- (b) Planificación adecuada do estudo.
- (c) Métodos de estudo.
- (d) Técnicas para sintetizar o contido.
- (e) Tomar apuntamentos.
- (f) Os exames.
- (g) Técnicas de memorización.
- (h) Planificación dos repaso.

IV. Orientación académica profesional (contidos recollidos no POAP):

- (a) Autoconcepto e autoestima.
- (b) Coñecemento dos propios valores.
- (c) Coñecemento dos propios intereses e posibilidades.
- (d) Habilidades sociais.
- (e) Toma de decisións.
- (f) Información académica.
- (g) Información profesional.
- (h) Información sobre o mundo laboral e busca de emprego.

V. Outros temas de interese. Neste bloque déixase aberta a posibilidade de que os titores/as e o seu grupo de alumnos propoñan aqueles temas que lles parezan máis importantes e motivadores. Neste punto pódense recoller contidos vinculados con: Prevención de drogodependencias, prevención da violencia de xénero, prevención do acoso escolar, bo uso das redes sociais, habilidades sociais etc.

1º ESO:

Charla sobre ciberacoso (PLAN DIRECTOR)

Hábitos de alimentación saudable

Charla prevención acoso escolar (ARELA):

2º ESO:

Taller de prevención do consumo de drogas e alcohol (PLAN DIRECTOR)

Charla adicións apostas videoxogos (PLAN DIRECTOR)

Charla prevención adicción ao móbil

Charla ciberacoso (Policía)

3º ESO:

Charla sobre afectividade e sexualidade (QUÉROTE +)

Taller sobre prevención de condutas adictivas (ASFEDRO)

Charla protección da natureza (PLAN DIRECTOR)

Hábitos de alimentación saudable

Campaña prevención saúde AESLEME "SI CONTROLAS VUELVES":

4º ESO:

Taller sobre prevención da violencia de xénero (PLAN DIRECTOR)

Programa sensibilización sobre alcohol e xogos de azar (Asociación Ex-alcoolicos Ferrolterra)

Xogo patolóxico no ámbito escolar (ASFEDRO)

Saída para visitar institutos de Formación Profesional da contorna. Visita ao CIFP Ferrolterra.

Saída ás Xornadas de Orientación de Ferrolterra.

Charla Risco Cero sobre prevención enfermidades transmisión sexual.

1ºBAC

Visita ao Campus de Ferrol da Universidade da Coruña.

Saída ás Xornadas de Orientación de Ferrolterra.

Charla sobre Enxeñería de Recursos Mineiros e Enerxéticos

2ºBAC:

Charla sobre a ABAU e os grados universitarios da Universidade de Santiago

AULA PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

- Pequenas saídas realizadas polo alumnado de PT, relacionadas co seu entorno máis próximo, o barrio, e a súa cidade, e enlazadas tamén cos pequenos proxectos que se podan levar a cabo nesta aula (alimentación saudable, imos mercar?, medios de comunicación e novas do barrio, asociacións e a súa actividade...).

OUTRAS:

- Sesións de orientación profesional da Armada Española individualizadas nun recreo (para persoas interesadas)

Especialmente interesantes poden ser as actividades relacionadas cos días de conmemoración que cada ano se recollen no calendario escolar, e que para este curso 2023/2024 son:

- 25 de de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.

- A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente.

4.2.3 - ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A educación debe favorecer o desenvolvemento persoal e a inserción sociolaboral do alumno/a, é dicir, preparalo para integrarse con éxito na sociedade. Os alumnos e alumnas teñen que tomar por primeira vez decisións de carácter vocacional que van a afectar de xeito importante ao seu futuro profesional. Ao rematar o ensino secundario obrigatorio, o sistema educativo ofrécelles distintos itinerarios que dan resposta aos seus intereses e expectativas. Por iso é importante que reciban unha axeitada orientación académica e profesional. O proceso de toma de decisións nesta etapa esixe que o alumnado integre a representación de si mesmo e do mundo sociolaboral, confrontando as decisións que vai tomando no seu proceso formativo ata chegar a unha decisión final. Conforme vai conseguindo unha maior madurez persoal e vocacional, e obtendo información pertinente, tomará decisións de maior transcendencia, véndose obrigado a reorientar decisións anteriores ou a efectuar outras novas, xa que o proceso constitúe unha situación de busca permanente de equilibrio que para o seu mantemento precisa de novas informacións e continuas tomas de decisións.

Dentro dos principais referentes legais que rexen a actuación do Departamento de Orientación (tanto no Decreto 120/1998 como na Orde do 24 de Xullo de 1998), recóllese a obriga de facilitar ao alumnado o apoio e asesoramento

necesario para afrontar os momentos escolares máis decisivos, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerario formativos...

En resumo, a orientación académica e profesional, vital para o desenvolvemento integral do alumnado, é responsabilidade de todo o equipo docente e debe levarse a cabo tanto a través das actividades propias da titoría como das actividades de ensinanza-aprendizaxe das distintas áreas, cobrando un especial protagonismo o departamento de orientación en tarefas como: o deseño do plan, o asesoramento a titores/as e ao resto do profesorado naqueles aspectos máis especializados (autocoñecemento, adestramento na toma de decisións ...), prestando apoio informativo sobre opcións académicas e laborais, realizando unha intervención directa co alumnado en actividades concretas (aplicación de probas de aptitudes, intereses, charlas sobre carreiras, ciclos...), etc.

Os obxectivos principais son:

1. Atender as necesidades do alumnado e realizar unha orientación planificada, continua, preventiva, sistemática e integradora.
2. Potenciar na orientación académica e profesional e a igualdade no acceso á formación profesional (mediante accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade: de xénero, residencia, orixe...).
3. Proporcionar asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades: RE, ACS, probas de acceso a ciclos, FP Básica...
4. Axudar ao alumnado nos momentos de maior dificultade: ingreso no centro, elección de distintas materias optativas, elección entre diversos itinerarios, toma de decisións.
5. Contacto con outros servizos: oficina de información xuvenil, orientadora laboral.
6. Contacto e colaboración con universidades, consellerías, centro de formación do profesorado, organismos de emprego, ONG...

No noso centro, as accións englobadas neste ámbito levaranse a cabo a través de:

- ✓ O traballo programado dentro da hora de titoría (obrigatoria en todos os niveis da ESO).
- ✓ No seo das distintas áreas e materias, cando así se considere oportuno.
- ✓ Por medio de actividades específicas a desenvolver polo propio Departamento de Orientación como charlas, visitas, atención individual, etc.
- ✓ A través de diferentes publicacións na páxina web
- ✓ No caso de ser necesario, a través de asesoramento telemático, tanto a nivel grupal como individual.

As fases que comprende o programa son:

a) *Fase de información. Investigación:* Pretende ampliar os coñecementos que o alumnado ten sobre si mesmo, o sistema educativo e o mundo laboral, así como dotalo de habilidades e estratexias persoais de procura, selección, tratamento e transmisión da información.

b) *Fase de reflexión:* Pretende promover a reflexión sobre o axuste entre a realidade persoal do alumno e as opcións e posibilidades que se lle presenten.

c) *Fase de toma de decisións:* Debe optar por unha das alternativas educativas ou profesionais.

As actuacións que se desenvolvan no ámbito da orientación académica e profesional terán no seu conxunto a **finalidade** de conducir ao alumnado ao coñecemento e reflexión sobre si mesmos, os seus intereses, capacidades e motivacións, así como do sistema educativo e as saídas e posibilidades que se lle ofrecen dende o mesmo, todo elo de cara a que realicen unha toma de decisións óptima. Con isto, os **obxectivos** a acadar dentro deste ámbito son os seguintes:

- (a) Axudar ao alumnado a coñecerse a si mesmos (capacidades, intereses, motivacións...).
- (b) Proporcionarlle información sobre os posibles itinerarios educativos a seguir, sobre a situación actual e as tendencias do mundo laboral...
- (c) Desenvolver a reflexión e a capacidade crítica no alumno de cara á súa propia toma de decisións.
- (d) Implicar ao profesorado e aos pais/nais no proceso de toma de decisións dos alumnos/as.
- (e) Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ao longo da súa estancia no centro.

Para a consecución destes obxectivos desenvolveranse as seguintes **actuacións**:

I. **Primeiro de ESO**

- ✓ Coñecemento dos compañeiros/as así coma de si mesmo.
- ✓ Traballo relacionado con posibles conflitos grupais que podan xurdir, fomentando os hábitos de reflexión grupal e persoal.
- ✓ Coñecemento da etapa, así como da estrutura xeral do sistema educativo.
- ✓ Reforzo da autoestima e do autoconcepto do alumnado.
- ✓ Fomento de hábitos de estudo.

II. **Segundo de ESO**

- ✓ Coñecemento da etapa, así como do sistema educativo: estrutura xeral, optativas, itinerarios...
- ✓ Reforzo da autoestima e do autoconcepto do alumnado.
- ✓ Afondamento no programa de hábitos de estudo.
- ✓ Colaborar cos titores na elaboración do consello orientador para cada alumno.

III. **Terceiro de ESO**

- ✓ Coñecemento de si mesmo/a (intereses, motivacións, aptitudes, actitudes...)
- ✓ Coñecemento do sistema educativo: optativas para o vindeiro curso e posibles itinerarios a seguir.
- ✓ Estratexias e habilidades para a resolución de problemas e de toma de decisións.
- ✓ Traballo relacionado coa orientación vocacional.
- ✓ Colaborar cos titores na elaboración do consello orientador (de ser o caso).

IV. **Cuarto de ESO**

- ✓ Avaliación das necesidades presentadas polo alumnado no campo da Orientación Académica e Profesional, de cara a coñecer os principais focos de actuación.
- ✓ Realización de actividades relacionadas co coñecemento de un mesmo, actividades nas que se fomente sobre todo a autorreflexión dos alumnos/as sobre as súas capacidades, intereses, motivacións, perspectivas de futuro, limitacións...
- ✓ Información das diferentes alternativas que se lles ofrecen ao rematar a escolaridade obrigatoria, en función de se acadaron ou non o Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- ✓ Visitas guiadas a diferentes centros, escolas taller, etc.
- ✓ Información ao alumnado e ás familias das opcións e da importancia da decisión dos seus fillos.
- ✓ Colaborar coas persoas titoras na elaboración do consello orientador para cada alumna/o.

V. **Bacharelato**

1º Bacharelato

- ✓ Coñecemento das características da nova etapa.

- ✓ Coñecemento da situación persoal
- ✓ Identificación de intereses e aptitudes.
- ✓ Coñecemento das opcións de 2º de Bacharelato.
- ✓ Posibilidade de paso dunha modalidade a outra. Axuda a perfilar o proxecto persoal de vida.
- ✓ Información individual cos alumnos/as e familias que o soliciten.

2º Bacharelato

- ✓ Busca da información sobre as distintas opcións educativas.
- ✓ Axudar ao alumno na toma de decisións sobre as distintas opcións que se lle presentan.
- ✓ Orientación para as ABAU, opcións de CF de Grao Superior, etc.
- ✓ Programas levados a cabo polas Universidades Galegas.
- ✓ Información individual cos alumnos/as e familias que o soliciten.

En todo caso, e tal e como se recolle nos obxectivos anteriormente expostos, a implicación tanto do profesorado coma dos pais/nais dos alumnos/as será de máxima importancia. Para elo deberase facer partícipe a ambos os dous grupos de todas aquelas actividades que se considere oportuno ou, polo menos, mantelos informados en todo momento do traballo que se está a desenvolver no ámbito da orientación académica e profesional.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

No desenvolvemento das liñas de actuación antes expostas, o Departamento de Orientación recorrerá, segundo demande o caso, a diversas estratexias de intervención como:

- Emprego de cuestionarios, técnicas grupais, entrevistas, observación, revisión de documentación, probas de avaliación psicopedagóxica...
- Aplicación e seguimento de programas diversos, tanto de elaboración propia como publicados: técnicas de traballo intelectual, de comprensión

lectora, de orientación académica e profesional, realización de reunións informativas tanto cos alumnos/as, coma cos profesores/as, pais/nais.

- Asesoramento e intervención individualizada.
- Coordinación con entidades externas: ASPANAES, ASPANEPS, ONCE, USM- Infanto-Xuvenil, UACO...

Para escoller a metodoloxía empregar, terase en conta sempre que as actuacións estean contextualizadas e consensuadas, fomentando o traballo colaborativo fronte o individual, e abarcando, na medida do posible, a toda comunidade educativa. Así, será de vital importancia a colaboración e coordinación cos servizos externos, definindo desde o primeiro momento cales son as funcións de cada membro.

En resumo, todas estas estratexias deberán partir da base constituída polos postulados propugnados dende o enfoque construtivista das aprendizaxes escolares e da intervención pedagóxica e dende o enfoque sistémico da intervención psicopedagóxica. Así mesmo, para o desenvolvemento de todas as estratexias mencionadas, faise necesario contar con diversidade de recursos técnicos e materiais, os cales se irán recompilando pouco a pouco ao longo de todo o curso en función das necesidades que se vaian detectando.

1º) Valorar as necesidades educativas dos alumnos/as do centro e deseñar e propoñer medidas de intervención curriculares e organizativas (medidas de atención á diversidade).

2º) Deseñar e por en marcha accións encamiñadas a atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas do desenvolvemento persoal ou social ou de aprendizaxe.

3º) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais e axudando a elaborar o itinerario académico e profesional máis adecuado.

4º) Promover que o centro exerza a orientación profesional e fomentar unha cooperación orgánica e permanente entre o mundo educativo, o mundo empresarial e as institucións de traballo.

5º) Proporcionar aos alumnos/as unha orientación profesional diversificada e individualizada co fin de capacitalos/as para a propia orientación no momento actual e futuro.

6º) Facilitar información aos alumnos/as sobre o mundo laboral e saídas académicas e profesionais que poidan atopar despois dos estudos que están a cursar.

7º) Revisar e implementar en colaboración cos titores e baixo a coordinación da Xefa de Estudos o Plan de Acción Titorial do centro, asesorando e apoiando a posta en marcha das actividades programadas nos Plan de Acción Titorial.

9º) Ofrecer asesoramento e apoio técnico ao profesorado en xeral e aos departamentos didácticos no deseño e posta en marcha de innovacións metodolóxicas e curriculares (en especial no que se refire ao ensino na aula de técnicas de estudo e hábitos de traballo e medidas de atención á diversidade).

10º) Participar na actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.

11º) Facilitar que as sesións de avaliación se axusten aos principios de avaliación continua, formativa e orientadora, asistindo ás mesmas co fin de proporcionar e recibir información dos alumnos/as, e apoiar o profesorado nestas tarefas.

12º) Dinamizar as medidas que incidan na mellora da convivencia e nas habilidades sociais, dentro do Plan de Convivencia do centro.

13º) Implementar a orientación telemática a través da páxina web e doutras plataformas de intercambio de información (G-suite).

En todos estes eidos de traballo, partírase dun análise de necesidades xerarquizadas para comezar polas prioritarias, tendo en conta a toda a comunidade educativa e en especial as familias e a súa implicación na educación dos/as seus/súas fillos/as.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

O presente Plan de Orientación Educativa pretende ser un documento institucional que dea resposta de xeito práctico ás necesidades da nosa comunidade educativa, que combine as intervencións no ámbito da atención a diversidade, acción tutorial, orientación académica e profesional coas propostas innovadoras.

Elaborado de modo funcional e sistémico, pretende ter en conta todas as variables que rodean o feito educativo e incluír a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e profesorado) tendo sempre en consideración o entorno concreto no que estamos radicados.

Cabe sinalar o carácter flexible deste Plan, polo cal o feito de ter deseñadas unha serie de actuacións para desenvolver durante todo o curso académico 2024-25 non imposibilita o deseño de novas accións se o propio transcorrer do curso aconsella (necesidades detectadas, aumento das consultas de tutores, familias ou alumnos, etc.). Ademais, na planificación das actividades teranse en conta as características das/os estudantes aos que van dirixidas, de forma que o seu aproveitamento sexa máximo, fomentando a implicación e sentimento de competencia, o que resulta un bo indicador de cara ao obxectivo final da acción orientadora: a educación integral do alumno/a.

E para poder comprobar se o Plan é adecuado e cumpre a súa función resulta imprescindible avaliálo para dese xeito poder introducir cambios que nos permitan melloralo e facer propostas de futuro. Así, os criterios de avaliación que, a priori, guiarán o proceso de avaliación da actividade desenvolvida polo Departamento de Orientación serán:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de adecuación das actividades realizadas.
- Grao de adecuación dos recursos.
- Grao de satisfacción dos implicados.
- Efectos conseguidos non previstos.

Contemplaremos os tres momentos implicados indispensables en calquera avaliación:

- Avaliación inicial: avaliación das necesidades do centro ao iniciar o curso, recollendo todos os datos e suxestións necesarios nas distintas reunións do Departamento de Orientación, na CCP, etc.
- Avaliación formativa ou procesual: a realizar ao final de cada actividade concreta, permitirá a toma de decisións ao longo do proceso. Recollerase a información a través das diversas reunións e das sesións de avaliación sobre as accións realizadas. Nas actas do Departamento constará igualmente o seguimento das distintas actividades programadas ao longo do curso, así como o seu grao de cumprimento.
- Avaliación final: levarase a cabo ao final de curso e os seus resultados exporanse na memoria do Departamento de xeito que sirvan de base para manter no vindeiro curso algúns aspectos do proxecto así como para modificar aqueles que se considere preciso.

Ferrol, 20 de setembro de 2024

Clara Goás Vargas
Xefa do Departamento de Orientación